

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

### ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

### CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

### SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30 de novembro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de outubro de 2017.
2. Toma de coñecemento dos decretos da alcaldía emitidos no mes de outubro de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecemento das solicitudes de subvención aprobadas pola Xunta de Goberno Local e presentadas na deputación provincial ( Plan de Obras e Servizos 2017-Liña 1 Inversión).
5. Aprobación, se procede, do expte. N°05/CE/2017 de crédito extraordinario con cargo á superávit 2016 con destino a IFS-“Renovación urbana do entorno de Matosinhos”.
6. Aprobación, se procede, do expte. N°01/SC/2017 dotación de crédito para aplicación do incremento salarial do 1% previsto na LPXE 2017.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político de Somos Maioría para a defensa animal e loita contra a contaminación acústica en Vilagarcía de Arousa.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre obras urxentes de accesibilidade.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, de apoio ao Concello de Madrid, ante a intervención financeira do Ministerio de Facenda e de solicitude modificación da regulación da regra de custe.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, de apoio institucional do Concello de Vilagarcía para a candidatura de Cíes-Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade da UNESCO.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre diversas demandas veciñais en Castroagudín.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, de nomeamento de D. Santiago Iglesias Pedrido como “Fillo adoptivo de Vilagarcía de Arousa”.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría para a transferencia dende xaneiro de 2018 aos Concellos dos 20 millóns acordados no pacto de estado contra a Violencia de Xénero.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa ao mantemento do/a profesional facultativo/a (medico/a) no centro de saúde de Vilaxoán.
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

17. Rogos e preguntas.
18. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

**Antes de comezar a sesión polo Sr. Alcalde propónse gardar un minuto de silencio polo falecemento e en recordo de D. Santiago Iglesias Pedrido.**

- A Sra. Suárez Sarmiento pide a retirada do punto nº 12 da orde do día, debido ao falecemento de D. Santiago Iglesias Pedrido

Procédese a gardar o minuto de silencio e retirase o citado asunto da orde do día.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2017..-** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 26 de outubro de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade a acta do 26 de outubro de 2017.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2017:**

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:**

- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 3 Recoñecemento de obrigas e orde de pago

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO 2017:**

**Nº DESCRICIÓN**

- 1 Concesión prazo para presentación de alegacións expediente reposición da legalidade urbanística
- 1 Orde demolición obras sen licenza
- 2 Concesión de prazo para solicitude de licenza municipal para legalización obras
- 1 Concesión prazo para limpeza e saneamento de edificación
- 3 Arquivo de expediente sancionador incoado para limpeza e saneamento de edificación
- 1 Autorización realización de concerto ao aire libre
- 1 Autorización para instalación dunha furgoneta musical
- 3 Conformidade de proxecto de execución
- 7 Concesión de licenza municipal de obra menor
- 9 Concesión de licenza municipal de obra maior
- 1 Declaración fora de ordenación vivenda e autorización contratación servizos municipais de auga e saneamento
- 1 Concesión de licenza para instalación de mamparas plegables na fachada de establecemento Cafe-bar
- 41 Aceptación comunicación previa e documentación realización de obras
- 3 Concesión de licenza municipal para canalización soterrada
- 1 Denegación de licenza para instalación de tarima na vía pública
- 1 Aceptación terreos obxecto de cesións para incorporación a viais
- 1 Aprobación definitiva de instrumento de equidistribución – proxecto de reparcelación voluntaria UEI-21

- 6 Aceptación desestimo e arquivo expediente comunicación previa apertura de establecemento/actividade
- 2 Aceptación renuncia comunicación previa apertura de establecemento
- 1 Aceptación renuncia para realización de obras e arquivo de expediente
- 6 Concesión de prórroga para execución de obras
- 10 Concesión de licenza de legalización de obras
- 17 Aceptación comunicación previa e documentación presentada para inicio e desenvolvemento de actividade
- 1 Concesión de licenza para apertura de local
- 2 Aceptación de comunicación previa e documentación presentada para cambio de titularidade de actividade
- 1 Aceptación solicitude para modificación de licenza para exercicio de actividade
- 8 Concesión de licenza para acometida e conexión á rede de auga e/ou saneamento
- 1 Concesión de licenza de primeira ocupación
- 2 Concesión de licenza de segregación de parcela
- 1 Concesión de licenza de demolición parcial de peche
- 1 Aprobación de expediente de transferencias de créditos entre aplicacións orzamentarias
- Capítulo I
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 9 Sobresemento das actuacións en expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Declaración prescripción de infracción de tráfico
- 23 Desestimación de alegacións en expedientes sancionares de tráfico
- 19 Imposición sanción expedientes sancionadores de tráfico
- 9 Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Aprobación de liquidacións Departamento de Rendas
- 1 Aprobación devolución Fondos FEDER Proxecto Arousa XXI
- 3 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade
- 1 Exclusión de licitador en expediente de contratación
- 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde da totalidade das funcións da Alcaldía
- 6 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 2 Concesión de gratificación especial por realización de funcións de categoría superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Deducción proporcional de haberes por ausencias non xustificadas de empregados/as alumnos/as do Obradoiro de Emprego
- 1 Recoñecemento de obriga e pagamento de servizos extraordinarios
- 1 Designación Encargado Accidental do Servizo de Alumeado Público
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións
- 1 Compensación en tempo de descanso horas extraordinarias de empregada municipal
- 4 Orde de pago de facturas
- 1 Devolución de ingresos indebidos por duplicidade de pago
- 4 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
- 2 Autorización para realización de espectáculo pirotécnico
- 1 Baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de persoas relacionadas

**TOTAL: 237**

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona M<sup>a</sup> Luisa Rañó Naveira en relación coa Moción presentada polo grupo municipal de EU sobre obras urxentes de accesibilidade (punto nº 8): Intervén a Sra. Rañó Naveira e alterase a orde do día tratando a continuación o asunto que figura no nº 8 da Orde do Día.

- D. Xoán X. Mariño Rubio, e/n AA.VV. Vilaxoán, en relación coa moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao mantemento do/a profesional facultativo/a (médico/a) no centro de saúde de Vilaxoán (punto 14)

Unha vez finalizado o asunto nº 8, pasarase a tratar o asunto nº 14.

### **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, SOBRE OBRAS URXENTES DE ACCESIBILIDADE. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 20 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN, sobre OBRAS URXENTES ACCESIBILIDADE

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No mes de maio este Grupo Municipal solicitaba a través da moción “Barreiras Cero”, unha serie de medidas destinadas á mellorar a accesibilidade na nosa vila. Cúmprense case 6 meses dende que se aprobou o documento por parte do Pleno Municipal. O 4 d decembro de 2017 remata o prazo establecido polo Real Decreto Lexislativo 1/2013 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social para acondicionar os espazos públicos e privados a este respecto, insistimos na gravidade de algunhas barreiras en Vilagarcía.

Por estes motivos urximos a que se poñan en marcha de forma inmediata actuacións que defendan os principios da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobada polas Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006, ratificada por España o 3 de maio de 2008, as recomendacións do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) e as indicacións do Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013 (PAIPDG).

É preciso acadarmos, de verdade, a accesibilidade universal en todos os aspectos da vida en sociedade segundo os preceptos da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Conscientes de que, tecnicamente, vai ser imposible acadar o cumprimento do mencionado Real decreto 1/2013, pois non se están acometer todas as obras e reformas necesarias, queremos poñer o acento en aquelas zonas ou edificios, que creemos deben promoverse con urxencia, para que si non é antes do 4 de decembro, sexa na maior brevidade posible e sen demoras, teñan solucionado o problema de accesibilidade.

Insistimos nos seguintes puntos, que engadimos ás peticións da anterior moción:

- Concello: dependencias da terceira idade e muller e os mostradores atención ao público.
- Auditorio: rampa entrada pendente e pasamáns no interior.
- Beirarrúas: Avda. da Marina cara Praza Dr. Carús, Rúa Valle Inclán-Alexandre Bóveda- Río do Con. Beirarrúa carreiteira Vilaxoán por orillamar, e beirarrúa rúa Rodrigo de Mendoza, Avda. Agustín Romero.
- Xardín Praza Independencia.
- Hospital do Salnés: chan antideslizante, portas zona acceso consultas rehabilitación medicina exterior e rehabilitación e portas probas raios X.
- Edificios de nova construción de igual o menos de 10 anos escalón acceso porta edificio: edificio Valentín Viqueira (antigo hostel Cortegada), as cafeterías nese mesmo edificio, locais nova apertura con obras de reforma nas rúas Arcebispo Lago, Brandariz, Pso. Costa Candamo

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes ACORDOS:

1º.- O Goberno Local comprométese a realizar o arranxo das zonas anteriormente descritas á máxima brevidade, cumprindo a Lei, con especial atención nos edificios públicos.

2º.- O Goberno Local comprométese a obrigar a cumprir a Lei de Accesibilidade no comercio local e edificios de nova construción.

3º.- O Goberno Local comprométese a instar á Xunta a que acondicione o Hospital do Salnés para que sexa accesible.

4º.- O Goberno Local comprométese a recoller as peticións da moción “Barreiras Cero” deste grupo municipal e poñelas en marcha.

En Vilagarcía de Arousa a 17 de novembro do 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU sobre obras urxentes de accesibilidade.

- Polo Grupo Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición no apartado nº 3: .Mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde de San Roque (ambulatorio) e corrixir o elevador polos problemas de que adoce cando chove.

- Polo Grupo Municipal de Somos Maioría presentase a seguinte emenda de adición: Instalar un elevador no edificio do Centro de Emerxencias (Avda. Agustín Romero).

- Sendo as 18:00 horas incorpórase o Sr. Pérez Dorgambide.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, xunto coas emendas do PSG-PSOE e Somos Maioría, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: adoptar o compromiso de:

- 1º.- Realizar o arranxo das zonas anteriormente descritas á máxima brevidade, cumprindo a Lei, con especial atención nos edificios públicos.
- 2º.- A obrigar a cumprir a Lei de Accesibilidade no comercio local e edificios de nova construción.
- 3º.- A instar á Xunta a que acondicione o Hospital do Salnés e Centro de Saúde de San Roque (ambulatorio) para que sexan accesibles e corrixis o elevador do Centro de Saúde polos problemas de que adocece cando chove.
- 4º.- A recoller as peticións da moción “Barreiras Cero” deste grupo municipal e poñelas en marcha.
- 5.- Instalar un elevador no Edificio do Centro de Emerxencias (Avda. Agustín Romero).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO DO/A PROFESIONAL FACULTATIVO/A (MEDICO/A) NO CENTRO DE SAÚDE DE VILAXOÁN:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

#### MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DE MEDICO/A EN VILAXOÁN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ao mantemento do/a profesional facultativo/a (medico/a) no centro de saúde de Vilaxoán.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ven denunciando o BNG, desde a chegada de Feijoo á Xunta de Galiza, os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público. Recortes que se están aplicando dun xeito xeralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

No Concello de Vilagarcía de Arousa, non ficamos alleos a estas políticas de recortes e estamos a comprobar como, dende a Xunta de Galiza, ademais da negativa a incluír nos seus orzamentos as partidas necesarias para o arranxo do centro de saúde de San Roque, ou inicio da construción dun novo centro que poida atender adecuadamente as necesidades da poboación deste Concello, ou tamén a necesaria ampliación e dotación tanto técnica como de persoal do hospital do Salnés, a non dotación da ambulancia medicalizada..., agora hai que sumarlle a negativa de non substituír á profesional facultativa (médica) que se atopa cunha baixa de longa duración no centro de atención en Vilaxoán.

Nestes días tívose coñecemento que a médica que atende no centro de saúde de Vilaxoán vi estar de baixa durante un tempo considerable, sen que isto conleve que dende a Consellería de Sanidade destine outro/a profesional para a súa substitución.

No centro de saúde hai unha médico e unha enfermeira que atende a usuarios e usuarias do pobo de Vilaxoán, Sobradelo, Faxilde, Galans. Unha parte moi importante dos doentes que acoden a este centro superan os 60 anos e moitos con mobilidade reducida.

A non substitución desta médica ocasionará prexuízos para os doentes que se terán que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa, ben en autobús ou en taxi, polo que suporá un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou en depender doutras persoas para o seu traslado.

Ademais, as consecuencias de non substituír a esta médica implicará tamén que o persoal médico do centro de Saúde de Vilagarcía, saturado xa na maioría dos días, verá incrementado o número de pacientes para atender, polo que a calidade asistencial verase deteriorada.

Para o BNG ao igual que para os veciños e veciñas, non é de recibo que se estea a producir esta situación de recortes e degradación na sanidade pública e que teñan que padecer as súas consecuencias a cidadanía, neste caso os veciños e veciñas destas parroquias.

Por todo iso, o grupo municipal do BNG solicitamos deste Pleno da Corporación de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Apoiar aos veciños e veciñas nas súas reivindicacións e instar ao Goberno Galego a que proceda a substituír a esta médica do centro de atención de Vilaxoán durante todo o tempo que dure a súa ausencia, e mantemento desta praza de facultativo/a neste centro, xa que se considera fundamental para a atención á veciñanza destas parroquias.

2º.- Reclamar do Goberno da Xunta a inclusión das partidas necesarias nos seus orzamentos para o 2018 para poder atender as peticións que dende este concello se veñen reclamando en materia sanitaria e corrixir as carencias en sanidade que estamos a padecer neste concello.

3º.- Amosar o apoio á próxima mobilización convocada pola plataforma en defensa da sanidade pública (marcha do próximo domingo 3 de decembro) e facer un chamamento público a participar na mesma.

4º.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 25 de novembro de 2017.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao mantemento do/a profesional facultativo/a (médico/a) no Centro de Saúde de Vilaxoán.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21), ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, nos apartados 1, 2 e 4, e o apartado nº 3 con 13 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2), EU (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito, e seis votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP, adoptando o seguinte acordo:

1º.- Apoiar aos veciños e veciñas nas súas reivindicacións e instar ao Goberno Galego a que proceda a substituír a esta médica do centro de atención de Vilaxoán durante todo o tempo que dure a súa ausencia, e mantemento desta praza de facultativo/a neste centro, xa que se considera fundamental para a atención á veciñanza destas parroquias.

2º.- Reclamar do Goberno da Xunta a inclusión das partidas necesarias nos seus orzamentos para o 2018 para poder atender as peticións que dende este concello se veñen reclamando en materia sanitaria e corrixir as carencias en sanidade que estamos a padecer neste concello.

3º.- Amosar o apoio á próxima mobilización convocada pola plataforma en defensa da sanidade pública (marcha do próximo domingo 3 de decembro) e facer un chamamento público a participar na mesma.

4º.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PAROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PRESENTADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2017-LIÑA 1 INVESTIMENTO).** : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN “PLAN CONCELLOS 2017 – LIÑAS 1 E 2 E DAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS DE CONCESIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

De conformidade co establecido na base décima do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 1, do 2 de xaneiro de 2017, dáse conta das solicitudes de subvencións presentadas na Deputación, en relación á liña 1 do citado Plan, así como das Resolucións e Acordos de Concesión, segundo a relación seguinte:

LIÑA 1: INVESTIMENTOS

1. “HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE GALICIA E UN TRAMO DE PADRE FEIJOO”, cun Orzamento Total de 353.593,18 €. Solicitud de subvención por importe de 353.593,18 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por X.G. do 11/08/2017 por importe de 353.593,18 €.

2. “MELLORA DA CUBERTA DA PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN”, cun Orzamento Total de 50.397,03 €. Solicitud de subvención por importe de 50.397,03 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. o 09/11/2017 por importe de 50.397,03 €.

3. “DEMOLICIÓN DE ESTRUCTURA DE FORMIGÓN NA RÚA ALMIRANTE FONTÁN DE VILAXOÁN”, cun Orzamento Total de 37.583,76 €. Solicitud de subvención por importe de 37.583,76 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por R.P. o 03/11/2017 por importe de 37.583,76 €.

4. “INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO EDIFICIO DO CENTRO DE EMERXENCIAS”, cun Orzamento Total de 27.999,99 €. Solicitud de subvención por importe de 27.999,99 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por R.P. o 09/10/2017 por importe de 27.999,99 €.

5. “INSTALACIÓN DE PISTA MULTIDEPORATIVA EN OS DURÁNS”, cun Orzamento Total de 50.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 50.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por R.P. o 02/11/2017 por importe de 50.000,00 €.

6. “RECUPERACIÓN DOS LAVADOIROS DE VILAXOÁN E TRABANCA BADIÑA”, cun Orzamento Total de 30.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 30.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por R.P. o 09/11/2017 por importe de 30.000,00 €.

7. “RENOVACIÓN DE BARANDILLAS NO ENTORNO DE VISTA ALEGRE”, cun Orzamento Total de 99.999,99 €. Solicitud de subvención por importe de 99.999,99 € acordada pola XGL en data 27/03/2017.

Concedida a subvención por Acordo da X.G. o 29/09/2017 por importe de 99.999,99 €.

Vilagarcía de Arousa, 20 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPTE. Nº 05/CE/2017 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CON CARGO AO SUPERÁVIT 2016 CON DESTINO A IFS-“RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS”.**: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do seguinte teor:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 05/CE/2017 CON DESTINO A INVERSIÓNS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES EN CUMPRIMENTO DA 6ª DA LOEOSF 2/2012. ANTECEDENTES**



Visto que na liquidación do exercicio 2016 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Visto o informe de Intervención-Tesourería Ref.: CV 232/2017-TES 33/2017, onde en síntese dispónse:

*"(...)Primeira.- O saldo do RLT<sup>a</sup>GX unha vez descontado o efecto do préstamo concertado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dentro do mecanismo de pago a provedores regulado no RD Lei 4/2012 ascende a 3.561.302,52€ polo que SI pode acudirse os destinos alternativos da DA 6<sup>a</sup> da LOEOSF 2/2012.*

***Segunda.-** Dentro dos destinos alternativos previstos no apartado 2º da DA6ª, e atendendo á análise realizada nos apartados D) e E) do presente informe, a aplicación do superávit obtido dentro do límite do RLT<sup>a</sup>GX, deberá axustarse á seguinte orde secuencial e a algún dose seguintes tres escenarios que se expoñen por orde de prudencia:(...)*

C) *Acometer IFS con arreglo a estimación de capacidade de financiamento actualizada a petición da Concellería de Facenda a data 19/09/2017: 321.706,86€, e destinar o saldo restante neste exercicio 2017 á amortización de débeda: 2.700.440,51€.*

<b>DESTINOS ESPECIAIS</b>	
<b>SALDO/€</b>	<b>3.022.147,37</b>
<b>1º.-PREVISIONS ESTABILIDADE A 31/12/2017</b>	321.706,86
<b>2.-ºIMPORTE DESTINADO A IFS</b>	321.706,86
<b>SALDO/€</b>	<b>2.700.440,51</b>
<b>RED. ENDEBEDAMENTO NETO</b>	<b>2.700.440,51</b>

Esta Alcaldía, tras haber tramitado o preceptivo expediente para destinar 2.700.440,51€ á reducir o endebedamento neto en aplicación do artigo 32 da LOEOSF 2/2012, dado que contamos cun aforro neto positivo, un volume de endebedamento dentro dos límites legalmente permitidos (110%), e cumprimos o período medio de pago, en aplicación da DA 6ª da mesma norma orgánica, destinará o saldo restante do Superávit 2016 a Inversións Financeiramente Sostibles, (IFS); en consecuencia o importe do Superávit 2016 que se destinará a IFS será de **321.706,86€**.

As inversións que pretenden acometerse con cargo ao Superávit 2016 como inversións financeiramente sostibles son as que veñen recollidas na Memoria valorada do proxecto denominado **"RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS-PRIMEIRA FASE"**, proxecto de gasto (4) Nº 01/01/2017, cun orzamento de execución que ascende a **321.706,86€**.

Visto que no informe do Técnico municipal ven xustificada a inversión proxectada como unha inversión sostible, que favorecerá a accesibilidade e seguridade así como a calidade urbana e ambiental dunha zona que se atopa na principal arteria de entrada sur a nosa cidade, e que leva os derradeiros anos eskuencia.

Visto que o proxecto é informado favorablemente pola Intervención municipal, Ref. CV 311/2017, por axustarse aos termos da DA 16ª do TRLRFL.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 e a DA 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como a DA 6ª da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar a consideración do proxecto denominado **"RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS-PRIMEIRA FASE"**, proxecto de gasto (4) Nº 01/01/2017, por importe de 321.706,86€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017**, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

<b>Pro.</b>	<b>Eco.</b>	<b>Descrición</b>	<b>IMPORTE</b>
1532	61900	PAVIMENTACIÓN VÍAS PBLCAS.-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	321.706,86
<b>TOTAL</b>			<b>321.706,86</b>

**TERCEIRO:** Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2016 CV 23/2017:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	321.706,86€
<b>TOTAL</b>		<b>321.706,86€</b>

**CUARTO:**Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017**, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2017, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2017, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

**QUINTO:**Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017** será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 22 de novembro de 2017

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017**.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:

**PRIMEIRO:** Aprobar a consideración do proxecto denominado "**RENOVACIÓN URBANA DO ENTORNO DE MATOSINHOS-PRIMEIRA FASE**", proxecto de gasto (4) Nº 01/01/2017, por importe de 321.706,86€, como Inversións Financeiramente Sostibles.

**SEGUNDO:**Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017**, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Pro.	Eco.	Descrición	IMPORTE
1532	61900	PAVIMENTACIÓN VÍAS PBLCAS.-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	321.706,86
<b>TOTAL</b>			<b>321.706,86</b>

**TERCEIRO:**Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2016 CV 23/2017:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	321.706,86€
<b>TOTAL</b>		<b>321.706,86€</b>

**CUARTO:**Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017**, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, dado que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado o crédito dentro do exercicio 2017, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2017, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

**QUINTO:**Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 05/CE/2017** será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitírase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder ao debate e votación deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPTE. Nº01/SC/2017 DOTACIÓN CRÉDITO PARA APLICACIÓN DO INCREMENTO SALARIAL DO 1% PREVISTO NA LPXE 2017.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/SC/2017**

**ANTECEDENTES**

**1.-** O Artigo 18.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, establece:

*“Artículo 18. Bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica en materia de gastos de personal al servicio del sector público..*

*(...)Dos. En el año 2017, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2016, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo..(..)”*

**2.-**Vistos os informes do Departamento de RR.HH e da Intervención municipal a obriga citada en se cuantifica en **83.896,10€**, dando cobertura de este xeito tanto ao incremento devengado durante o primeiro semestre como as futuras obrigas de gastos de persoal para o segundo semestre.

**3.-** No informe de Intervención Ref. CV 258/2017 acredítase a viabilidade financeira deste gasto extraordinario dentro do exercicio 2017 previa tramitación dun expediente de suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións orzamentarias non comprometidas da cordo co seguinte esquema de financiamento:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	83.896,10
<b>TOTAL</b>			<b>83.896,10</b>

**4.-** Da cordo coa base 30ª das BEO estaríamos ante un gasto non discrecional encadable nos requisitos obxectivos para a aplicación do Fondo de Continxencia dotado na aplicación 929-500 do orzamento de gastos.

Co fin de dar cumprimento ao imperativo legal do 18.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 referido ao incremento salarial nun máximo de un 1% para o exercicio 2017.

Visto o informe de Intervención Ref.: CV 258/2017 así como os informes de RR.HH ao respecto.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a base 30ª das BEO 2017, e o artigo 18.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de **83.896,10€** para financiar o expediente de suplemento de crédito extraordinario N° 01/SC/2017.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito **N° 01/SC/2017**, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación, (o suplemento realizarase a nivel de bolsa de vinculación por razóns de economía procesal, se ben os importes globais veñen xustificadas no anexo á providencia de Alcaldía):

Aplicación	DESCRIPCIÓN	N° PROXECTO	IMPORTE SC
132 120000	SEGURIDADE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		11.090,47
135 120000	EMERXENCIAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.920,70
150 120000	XERENCIA URB.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.808,92
164 120000	CEMITERIOS-COMPLEMENTO DE DESTINO		415,24
165 120000	ALUMEADO PBLCO.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.222,80
170 120000	MEDIO AMBIENTE.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.799,44
171 120000	XARDÍNS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.805,94
221 16000	PRESTACIÓNS Ó PERSOAL-SEGURIDADE SOCIAL		13.294,61
231 120000	ACCIÓN SOCIAL-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1/2017	3.081,66
2311 120001	SPAD-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	2/2017	3.560,27
2311 130000	SPAD-RETRIB. LABORAL FIXO	35/2017	449,29
2312 120000	IGUALDADE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		500,96
2312 130000	IGUALDADE-RETRIB. LABORAL FIXO	3/2017	664,05
2314 120000	XUVENTUDE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		438,52
241 120000	FOMENTO EMPREGO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		448,75
241 130000	FOMENTO EMPREGO-RETRIB. LABORAL FIXO	8/2017	382,14
241 130000	FOMENTO EMPREGO-RETRIB. LABORAL FIXO	7/2017	471,15
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	11/2017	2.698,50
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	24/2017	47,72
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	28/2017	317,99
320 120000	PROMO. EDUCATIVA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.342,26
3261 120001	CONSERVATORIO-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		3.985,15
3262 120001	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	38/2017	2.909,23
3321 120000	BIBLIOTECAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.752,36
334 120000	CULTURA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.738,00
4311 130000	FEIRAS E COMERCIO-RETRIB. LABORAL FIXO		196,04
4312 120000	MERCADOS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		979,92
432 120001	MERCADOS-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		725,60
453 120000	ESTRADAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		3.426,52
493 120000	CONSUMO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		260,52
912 120000	ÓRG. DE GOBERNO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		450,80
920 16000	ADMON. XERAL-SEGURIDADE SOCIAL	6/2017	320,97
920 120001	ADMON. XERAL-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		6.188,60
9201 120000	INFORMÁTICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.064,48
926 120000	ÁREA DE COMUNIC. SOCIAL-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		826,30
931 120000	POLIT. ECO. E FISCAL- RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		5.360,19
934 120000	RECADACIÓN-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.950,02
<b>TOTAL EXPDTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>			<b>83.896,10</b>

**SEGUNDO:** Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	83.896,10
<b>TOTAL</b>			<b>83.896,10</b>

**TERCEIRO:** Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 83.896,10€ con destino ao financiamento do expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2017, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito nº 01/SC/2017, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

**CUARTO:** Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2017 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitírase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2017 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente ao ter que surtir efectos no propio exercicio 2017 por imperativo da propia norma que o motiva, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Vilagarcía de Arousa, 16 de novembro de 2017

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a autorización de aplicación do fondo de continxencia e da modificación orzamentaria por crédito extraordinario N 01/SC/2017

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

**ACÓRDASE:**

**PRIMEIRO:** Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de **83.896,10€** para financiar o expediente de suplemento de crédito extraordinario Nº 01/SC/2017.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito **Nº 01/SC/2017**, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación, (o suplemento realizarase a nivel de bolsa de vinculación por razóns de economía procesal, se ben os importes globais veñen xustificadas no anexo á providencia de Alcaldía):

Aplicación	DESCRIPCIÓN	Nº PROXECTO	IMPORTE SC
132 120000	SEGURIDADE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		11.090,47
135 120000	EMERXENCIAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.920,70
150 120000	XERENCIA URB.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.808,92
164 120000	CEMITERIOS-COMPLEMENTO DE DESTINO		415,24
165 120000	ALUMEADO PBLCO.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.222,80
170 120000	MEDIO AMBIENTE.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.799,44
171 120000	XARDÍNS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.805,94

221 16000	PRESTACIÓNS Ó PERSOAL-SEGURIDADE SOCIAL		13.294,61
231 120000	ACCIÓN SOCIAL-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1/2017	3.081,66
2311 120001	SPAD-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	2/2017	3.560,27
2311 130000	SPAD-RETRIB. LABORAL FIXO	35/2017	449,29
2312 120000	IGUALDADE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		500,96
2312 130000	IGUALDADE-RETRIB. LABORAL FIXO	3/2017	664,05
2314 120000	XUVENTUDE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		438,52
241 120000	FOMENTO EMPREGO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		448,75
241 130000	FOMENTO EMPREGO-RETRIB. LABORAL FIXO	8/2017	382,14
241 130000	FOMENTO EMPREGO-RETRIB. LABORAL FIXO	7/2017	471,15
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	11/2017	2.698,50
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	24/2017	47,72
241 16000	FOMENTO EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL	28/2017	317,99
320 120000	PROMO. EDUCATIVA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.342,26
3261 120001	CONSERVATORIO-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		3.985,15
3262 120001	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	38/2017	2.909,23
3321 120000	BIBLIOTECAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.752,36
334 120000	CULTURA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		2.738,00
4311 130000	FEIRAS E COMERCIO-RETRIB. LABORAL FIXO		196,04
4312 120000	MERCADOS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		979,92
432 120001	MERCADOS-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		725,60
453 120000	ESTRADAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		3.426,52
493 120000	CONSUMO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		260,52
912 120000	ÓRG. DE GOBERNO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		450,80
920 16000	ADMON. XERAL-SEGURIDADE SOCIAL	6/2017	320,97
920 120001	ADMON. XERAL-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS		6.188,60
9201 120000	INFORMÁTICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.064,48
926 120000	ÁREA DE COMUNIC. SOCIAL-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		826,30
931 120000	POLIT. ECO. E FISCAL- RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		5.360,19
934 120000	RECADACIÓN-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA		1.950,02
<b>TOTAL EXPDTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>			<b>83.896,10</b>

**SEGUNDO:** Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	83.896,10
<b>TOTAL</b>			<b>83.896,10</b>

**TERCEIRO:** Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 83.896,10€ con destino ao financiamento do expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2017, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito nº 01/SC/2017, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

**CUARTO:** Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2017 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2017 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente

expediente ao ter que surtir efectos no propio exercicio 2017 por imperativo da propia norma que o motiva, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA, PARA A DEFENSA ANIMAL E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA EN VILAGARCIA DE AROUSA. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría coa data de 20 de novembro de 2017, do seguinte teor:

GRUPO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA VILAGARCÍA (PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA DIRECTA DE GALICIA)

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de novembro de 2017, a seguinte moción:

**MOCIÓN POLA DEFENSA ANIMAL E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA EN VILAGARCÍA DE AROUSA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Diversos estudos veterinarios veñen manifestando ao longo dos últimos anos o perigo que supoñen para a súa saúde as fobias que os animais domésticos -especialmente aqueles que posúen un sentido do oído máis agudizado, como cans e gatos- manifestan ante determinados rúidos como son os tronos ou os producidos pola explosión de petardos ou similares.

Non escapa ao coñecemento de ninguén que non temos maneira de lles evitar ás mascotas o ruído que producen os tronos derivados das tormentas, fóra de que aos animais non é algo que os colla de sorpresa, pois o cambio na presión barométrica, por exemplo, xa é algo que os ten sobre aviso, non coma no caso das persoas.

Pola contra, o ruído pola explosión de petardos e bombas si é algo que podemos controlar, polo que, sendo o Concello de Vilagarcía de Arousa unha institución que loita contra o maltrato animal, xa vai sendo hora de que regule convenientemente esta situación que lles causa aos nosos animais de compañía trastornos que, mesmo nalgúns casos, e isto tamén se ten demostrado por especialistas, poden levarlos á morte.

Así, a explosión de petardos en días de celebracións (Entroido, Festa da Auga, Fin de Ano, etc.) e, sobre todo, o abuso no lanzamento de bombas de palenque nas festas patronais causan, e isto é ben sabido por todas aquelas persoas que teñen animais de compañía, unha situación de medo en moitos animais, e moi especialmente en cans e gatos que viven próximos ao lugar de lanzamento.

Cómpre destacar ademais que unha das características destas fobias é que son procesos incrementais, é dicir, que cando se presentan de xeito regular, a resposta é cada vez máis intensa e non responde a un proceso de habituación como popularmente se pensa. Dito doutro xeito, os animais por norma xeral non se acaban afacendo aos rúidos, senón que cada vez estes provócanlles máis medo e multiplican as súas consecuencias derivadas do mesmo.

No Concello de Vilagarcía de Arousa está en vigor a Ordenanza Municipal de Rúidos e Vibracións, aprobada o 28 de setembro de 2000, que no seu artigo 7.1 di:

“Os rúidos mediranse mediante sonómetros, instrumentos deseñados e construídos para responder ao son de forma similar a como reacciona o oído humano, podendo obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora”.

Pola súa parte, a normativa autonómica tamén contempla, no seu Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia as “(...) medidas necesarias para previr, vixiar e corrixir a contaminación acústica, para evitar e reducir os danos que desta poden derivar para a saúde humana, os bens ou o ambiente(...)”.

Por todo o exposto anteriormente, en vista de que as distintas normativas que rexen estes casos non contemplan especificamente o dano que se lles causa aos animais, este grupo municipal propón o seguinte

ACORDO:

1• O Concello de Vilagarcía de Arousa modificará a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións para que contemple medidas de protección animal como a limitación acústica no uso de petardos e bombas, así como o alonxamento do seu punto de lanzamento de zonas habitadas ou naquelas nas que existan concentracións de animais (granxas, criadeiros, zonas de espaxemento, etc.).

2• O Concello de Vilagarcía de Arousa instará á Xunta de Galicia a modificar tamén a Normativa Autonómica para que contemple estas situacións de perigo para a saúde animal.

3• Trasladar copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Gaspar Antonio González Somoza

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de novembro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría, para a defensa animal e loita contra a contaminación acústica en Vilagarcía.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE engadindo ao final do 1º apartado: "... respectando aqueles eventos autorizados e de longa e arraigada tradición cultural da nosa localidade."

E redactando o 2º apartado do seguinte xeito: 2. Instar á Xunta de Galicia a redactar unha normativa específica sobre a utilización de artificios pirotécnicos.

- O Grupo Municipal de Somos Maioría acepta a emenda proposta.

- Dáse conta da emenda do grupo municipal de EU para que se estude a posibilidade de utilizar fogos de artificio silenciosos no Combate Naval.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2), EU (1), Somos Maioría (1) e sete abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (6) e Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría,

1• Modificar a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións para que contemple medidas de protección animal como a limitación acústica no uso de petardos e bombas, así como o alonxamento do seu punto de lanzamento de zonas habitadas ou naquelas nas que existan concentracións de animais (granxas, criadeiros, zonas de espaxemento, etc.) respectando aqueles eventos autorizados e de longa e arraigada tradición cultural da nosa localidade.

2• Instar á Xunta de Galicia a redactar unha normativa específica sobre a utilización de artificios pirotécnicos

3. Que polo Concello se estude a posibilidade de utilizar fogos de artificio silenciosos no Combate Naval.

4• Trasladar copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:



<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, DE APOIO AO CONCELLO DE MADRID, ANTE A INTERVENCIÓN FINANCEIRA DO MINISTERIO DE FACENDA E DE SOLICITUDE MODIFICACIÓN DA REGULACIÓN DA REGRA DE CUSTE.** : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

. Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 20 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN, de APOIO AO CONCELLO DE MADRID, ANTE A INTERVENCIÓN FINANCEIRA DO MINISTERIO DE FACIENDA E DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA REGULACIÓN DA REGRA DE CUSTE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Facenda enviou o pasado 27 de outubro unha carta ao Concello de Madrid comunicando que non podía aprobar o Plan Económico Financeiro (PEF) presentado a non ser que a corporación inclúa recortes de gasto por contía de 238 millóns en 2017 e 243 en 2018.

A súa argumentación baséase en que o Concello utilizou un cálculo erróneo da Regra de Gasto, aínda que o certo é que o Concello utilizou o mesmo procedemento que emprega sempre o Ministerio. Ese procedemento vén recollido no artigo 12.1 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. É o que se utiliza na aplicación informática do propio Ministerio.

O Concello de Madrid, por outra banda, presentou xa tres Plans Económicos Financeiros, exactamente como marca a lei en caso de vulneración da regra de gasto, e ademais realizou Acordos de Non Dispoñibilidade por valor de 238 millóns o pasado abril, como requiriu o Ministerio (Exactamente a mesma cantidade que o Ministerio esixe que se recorte de novo). Eses acordos seguen vixentes e o diñeiro correspondente do Orzamento está inmovilizado, aínda que se atopou outra fonte de financiamento, o remanente de tesourería, para executar as actuacións que deberon retirarse do orzamento. Os investimentos financeiramente sustentables emprendidas con ese remanente son absolutamente legais e non computan en regra de gasto. O Ministerio pode pedir que se inmovilice diñeiro pero non que se deixen de facer investimentos concretas.

Doutra banda, hai que ter en conta que a regra non é o fin en si mesmo, senón un medio que garanta a estabilidade orzamentaria.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sustentabilidad Financiera (LOEPSF), desenvolvemento da reforma do artigo 135 da Constitución Española, supuxo a consagración da estabilidade orzamentaria como principio máximo ao que quedou supeditada o conxunto da política económica e social das administracións públicas, dando “prioridade absoluta” ao pago da débeda pública por encima de calquera outro gasto público. En concreto, a prohibición, no artigo 11 da citada Lei, de incorrer en “déficit estrutural”, e a enunciación, no artigo 12, da denominada “regra de gasto” están a restrinxir de maneira inxustificada a actuación as Corporacións Locais (CCLL), nun contexto no que coexisten importantes superávits orzamentarios con perentorias necesidades sociais, debido a uns servizos públicos fundamentais debilitados despois de anos de fortes restricións orzamentarias.

Tal e como explica a AIReF, a formulación da regra de gasto que se deriva da LOEPSF é distinta da interpretación que se fai dela a nivel europeo. No ámbito comunitario, no canto de aplicarse a cada unha das administracións públicas por separado, aplícase ao conxunto das mesmas. Ademais, non se activa mentres o país teña aberto un procedemento de déficit excesivo. Non só iso, senón que a regra é un indicador do obxectivo de estabilidade a medio prazo e, por tanto, o seu posible incumprimento non ten consecuencias en forma de sancións. A nosa regulación, en cambio, impón, no contexto do procedemento de déficit excesivo aberto ao noso país, unha regra inxustificadamente rixida a todas e cada unha das administracións, que, en particular, as CCLL ven obrigadas a cumprir baixo ameaza de sancións e un maior control por parte da Administración Central.

Máis aínda, tal e como é aplicada, a regra de gasto supón un agravio comparativo para as CCLL respecto ao grao de esixencia de consolidación fiscal que sofren en comparación coa Administración Central. En efecto, o mal deseño da regra provoca que, na práctica, aplíquese de maneira independente

respecto do obxectivo de estabilidade, que é o que determina o esforzo de consolidación financeira do Estado. Dado que a regra de gasto non considera o incremento dos ingresos vinculado á mellora da conxuntura económica, a regra acábese convertendo nun criterio máis severo en termos de consolidación fiscal que o que se deriva de aplicar o obxectivo de estabilidade.

Deste xeito, non é de estrañar que fose o extremo esforzo de consolidación fiscal das CCLL o maior responsable da recente redución do déficit público (superávit do 0,6% do PIB das CCLL, fronte a un déficit do 0,8%, o 1,6% e o 2,5% das Comunidades Autónomas, a Seguridade Social e a Administración Central, respectivamente, en 2016). Iso a pesar de que as CCLL presentan uns niveis de gasto e débeda substancialmente inferiores aos das CCAA e o Estado (5,7% de gasto público local sobre o PIB fronte a un 42,4% do PIB de gasto público total; e 2,9% de débeda local sobre o PIB fronte a un 99,4% do PIB de total de débeda pública en 2016).

A profunda inequidade na repartición do esforzo de consolidación produciu, ao mesmo tempo, unha substancial brecha no saldo orzamentario que manteñen as CCLL españolas en comparación coas da media da Unión Europea (0,6% do PIB de superávit no caso español vs. 0,1% na media europea). Como consecuencia, a aplicación da regra de gasto supuxo un importante obstáculo para asegurar unha recuperación do gasto público que faga posible que as CCLL españolas achéguese ao grao de prestación de servizos públicos da súa competencia presente no resto de Europa.

Non só iso, senón que o feito de que a LOEPSF inclúa sancións económicas e mecanismos de intervención por parte do Goberno nas administracións que non cumpran co nivel de gasto que se deriva da regra, socava tamén o principio de autonomía local. De feito, supón unha inxerencia especialmente difícil de xustificar nun contexto no que a maioría das CCLL presentan superávit orzamentarios e importantes remanentes de tesourería; no que, tomadas no seu conxunto, cumpren xa co límite de débeda que se lles asigna no artigo 13 da Lei e, tomadas por separado, cumpren, en moitos dos casos, os límites de débeda respecto de ingresos fixados pola lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento; e no que, ademais, respectan o período medio máximo de pago a provedores establecido na Lei 15/2010 sobre medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En conclusión, para evitar as inxustificadas distorsións que a LOEPSF xera, é necesaria unha modificación da mesma co obxectivo de que dita lei, que establece os principios e normas que han de rexer as administracións públicas para lograr a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, determíneos respectando a autonomía local e garantindo a capacidade das CCLL de asegurar unha prestación suficiente dos servizos públicos cuxa competencia teñen asignada, esixindo un esforzo equitativo a cada unha desas administracións no logro da citada estabilidade.

O Goberno comprometeuse ao comezo do ano coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a revisar a regra de gasto para evitar que fose tan restritiva co superávit das corporacións. Aínda que ata a data non se conseguiu ningún avance, Facenda está disposta a dar máis flexibilidade aos concellos cunha reforma da regra de gasto. Por este motivo sorprende máis que decidise intervir os pagos de Madrid cando está preto de modificar a normativa.

Por todo isto, facemos a proposta de adopción dos seguintes, ACORDOS:

1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa, mostra a súa solidariedade co Concello de Madrid, e insta o Goberno de España á retirada inmediata dos controis financeiros impostos ao mesmo, por consideralos un ataque inxustificado á Autonomía Local recoñecida pola Constitución.

2.- Instar o Goberno a promover unha reforma da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e do artigo 135 da Constitución Española que modifique a regulación da regra de gasto, de modo que permita ás Corporacións Locais que cumpren cos criterios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como de control da morosidade, reinvestir o superávit fiscal e dar prioridade ao gasto necesario para asegurar a prestación dos servizos públicos fundamentais por encima dos créditos para satisfacer os pagos da débeda pública, asimilando os requisitos orzamentarios impostos ás devanditas Corporacións Locais aos esixidos ao Estado e ás Comunidades Autónomas.

En Vilagarcía de Arousa a 20 de novembro do 2017

Asdo.Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal de Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU de apoio ao Concello de Madrid, ante a intervención financeira do Ministerio de Facenda.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2), EU (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito e seis votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

**ACÓRDASE:** Por maioría,

1.- Mostar a solidariedade co Concello de Madrid, e insta o Goberno de España á retirada inmediata dos controis financeiros impostos ao mesmo, por consideralos un ataque inxustificado á Autonomía Local recoñecida pola Constitución.

2.- Instar o Goberno a promover unha reforma da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e do artigo 135 da Constitución Española que modifique a regulación da regra de gasto, de modo que permita ás Corporacións Locais que cumpren cos criterios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como de control da morosidade, reinvestir o superávit fiscal e dar prioridade ao gasto necesario para asegurar a prestación dos servizos públicos fundamentais por encima dos créditos para satisfacer os pagos da débeda pública, asimilando os requisitos orzamentarios impostos ás devanditas Corporacións Locais aos esixidos ao Estado e ás Comunidades Autónomas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA PARA A CANDIDATURA DE CIES-ILLAS ATLÁNTICAS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE DA UNESCO. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 30 de novembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Apoio institucional do Concello de Vilagarcía para a candidatura de Cíes-Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade da UNESCO”

**EXPOÑEN**

De todos é coñecido o valor paisaxístico e natural das Illas Cíes e do conxunto do Parque Nacional Illas Atlánticas, un dos polos de atracción e de orgullo de Galicia que debemos potenciar e poñer en valor.

Logo de que o pasado mes de maio se remitira por parte da Xunta de Galicia ao Ministerio de Cultura e documentación perceptiva, seguindo os modelos normalizados pola UNESCO para xustificar o valor universal excepcional da candidatura Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, o grupo de traballo, conformado por técnicos das Comunidades Autónomas, ICOMOS e o Ministerio, emitíu en setembro, e por unanimidade, un ditame favorable e en base a ese ditame o Consejo de Patrimonio Histórico Español determinou a inclusión na Lista indicativa global e como obxectivo final que esta sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

Non é preciso subliñar, pois por todos son coñecidos, os beneficios e os efectos positivos en termos sociais, económicos e de xeración de emprego que adoitan vir aparelados á declaración de Patrimonio Universal.

De aí que o Goberno galego traballe na consecución deste obxectivo a través dun acordo dialogado en torno a unha candidatura integradora e de consenso que, recoñecendo o valor singular das Cíes, englobe a todo o Parque Nacional.

Os logros obtidos ata o momento son o resultado dun traballo serio, eficaz e continuo no tempo no que a unidade e o esforzo conxunto constituíron unha das chaves fundamentais, pero é preciso tamén o esforzo, o apoio e o compromiso de todas as institucións para darlle máis forza e conseguir o obxectivo final tan beneficioso para a nosa provincia, que Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas sexan declaradas pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP

SOLICITA

- Que o pleno da corporación do Concello de Vilagarcía amose o seu apoio institucional á candidatura Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, presentada polo Goberno galego e que foi incluída xa na Lista indicativa, para ser declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.

Asdo. Elena Suárez – Voceira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo municipal do PP de apoio institucional do Concello de Vilagarcía para a candidatura de Cies-Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

- Polo Grupo Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda:

1.- Dados os recentes incendios que sufriu a Illa de Cortegada e tendo en conta que a día de hoxe segue sen haber medios ubicados na propia Illa, instar á Xunta de Galicia a dotar de medios de prevención conta os lumes, que sexan realmente efectivos para a singularidade a Illa de Cortegada.

2.- Instar á Xunta de Galicia a dotar de financiamento para a futura construción dun Museo de interpretación da Illa de Cortegada.

- Polo Grupo Municipal do PP non se acepta a emenda nesta moción.

Sometida a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo municipal do PP da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: amosar o apoio institucional do Concello de Vilagarcía á candidatura Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, presentada polo Goberno galego e que foi incluída xa na Lista indicativa, para ser declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11.- APROBACIÓN, SE PRODECE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE DIVERSAS DEMANDAS VECIÑAIS EN CASTROAGUDÍN. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 22 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 30 de novembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Diversas demandas veciñais en Castroagudín”

#### EXPOÑEN

A asociación de veciños de Castroagudín solicitaron na campaña electoral de 2015 a todos os grupos políticos unha serie de peticións, de diversa índole en diferentes lugares da parroquia para mellorar o seu día a día, e que 29 meses despois seguen sen acometerse.

As peticións veciñais terían que ser de sobra coñecidas polo goberno local, e tendo en conta a capacidade inversora e a excelente situación económica municipal, parece que é o momento idóneo para saldar a débeda acumulada con esta parroquia.

O paquete de proxectos demandados dende 2015 polos veciños abranguen diferentes prazos de execución, custes e departamentos, pero é evidente que algún deles poden ser acometidos de inmediato.

As peticións transmitidas este mesmo mes polos veciños son as seguintes:

- Asfaltado do camiño de Areas, de terra, que une a casa da cultura co colexio (700 metros, aproximadamente).
- Asfaltado, previo ensanche, do camiño Quintandona. Os veciños xa presentaron orzamento do muro e do retranqueado do mesmo para poder acometer o ensanche do vial. É preciso instalar o saneamento ata a última vivenda (o material necesario para o saneamento xa está mercado pola Asociación de Veciños).
- Limpeza, con minipala para o acceso, de Fontepedriño.
- Ensanche de diversos camiños en Souto de Arriba.
- Reposición dun muro derrumbado en Aldea de Arriba (Castroagudín). Os veciños amosan moita preocupación polo risco que supón para viandantes posibles caídas o mesmo desprendemento. É moi urxente. A Asociación mostra predisposición a ceder os terreos precisos sempre e cando o goberno acometa o proxecto preciso para resolver este problema.
- Eliminación de dúas canaletas na subida ó campo de fútbol, por estar inservibles a causa da falta de mantemento. Asimesmo solicitan limpeza e eliminación das raíces dos árbores que levantan o asfaltado existente.
- Instalación dunha canaleta no cruce do Camiño Tras da Veiga, que recolla as augas na marxe esquerda (canaleta de media caña ou similar, que canalice as augas á rede de pluviais). Ademais, é preciso a limpeza da zona.
- Acondicionamento e arranxo do tellado da Escola que utiliza a Asociación de Veciños Castroagudín, ademais do pintado interior.
- Acondicionamento dos terreos adquiridos pola Asociación de Veciños, con bancos e prantas, para xerar un punto de encontro veciñal (Rúa do Centro, A Serreira).
- Limpeza dos pozos de rego (media ducia) que están sen servizo dende as últimas inundacións.
- Eliminar o cambio de rasante existente baixo a variante (Alto de Quintandona). Solicítase un estudo para rebaixalo e solucionalo.
- Limpeza xeral de viais e recollidas de augas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP

#### SOLICITA

- Que se acometan os traballos demandados polos veciños de Castroagudín anteriormente sinalados na parte expositiva. Urxe especialmente o muro derrumbado.

Asdo. Elena Suárez – Voceira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP sobre diversas demandas veciñais en Castroagudín.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: que se acometan os traballos demandados polos veciños de Castroagudín anteriormente sinalados na parte expositiva. Urxe especialmente o muro derrumbado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA PARA A TRANSFERENCIA DOS 20 MILLÓNS ACORDADOS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 23 de novembro de 2017, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de novembro de 2017, a seguinte moción urxente:

**MOCIÓN PARA A TRANSFERENCIA DESDE XANEIRO DE 2018 AOS CONCELLOS DOS 20 MILLÓNS ACORDADOS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, votado polo Pleno do Congreso dos Deputados e publicado no seu Boletín Oficial do 9 de outubro de 2017, contén entre as súas 214 medidas dúas de transcendencia especial para os concellos: a 207 e a 61.

A 207 di: “Para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás Comunidades Autónomas e concellos, dentro deste Pacto propoñémoslle ao Goberno os outros dous seguintes compromisos económicos para os próximos cinco exercicios:

A) Os Orzamentos Xerais do Estado destinarán, vía transferencias aos concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos cinco exercicios. O Goberno de España acordará coa FEMP ou outras asociacións de municipios no conxunto do Estado, os programas que se deberán levar a cabo. A Comisión de Seguimento do Pacto asumirá a responsabilidade do seguimento e control anual do destino deses recursos, unha vez finalizado o orzamento anual en vigor.

B) Os Orzamentos Xerais do Estado destinarán ás Comunidades Autónomas un incremento anual de 100 millóns de euros durante os próximos cinco anos para o desenvolvemento ou ampliación das medidas recollidas neste Pacto. O Goberno de España negociará os criterios de reparto coas comunidades autónomas, no marco da Conferencia Interterritorial, atendendo á poboación, extensión xeográfica, necesidades específicas de loita contra a violencia de xénero, respectando as competencias propias das Comunidades Autónomas e atendendo as prioridades que acorde o Goberno de España con cada unha delas.

Malia o anterior, o financiamento das Comunidades Autónomas ás corporacións locais por parte da Administración Xeral do Estado, para garantir a efectividade do conxunto de medidas recollidas neste pacto, haberá de ter sempre un carácter condicionado. Polo tanto, a asignación financeira específica do conxunto das administracións públicas, para a correcta eficacia do cumprimento dos obxectivos finais do Pacto, necesariamente debe ser finalista, sempre co obxectivo de avaliar axeitadamente o impacto do investimento na loita contra a violencia de xénero. A Comisión de Seguimento do Pacto asumirá a responsabilidade do seguimento e control anual do destino deses recursos, unha vez finalizado o Orzamento Anual en vigor”.

A 61, co voto particular 5 aprobado, di: “Modificar a Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sudentabilidade da Administración Local (LRSAL), para que a Administración Local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero. Estas cuestións deberán formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos concellos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, evitando as duplicidades entre administracións, permitíndolle tamén á Administración Local a contratación de persoal

que garanta o correcto desenvolvemento desas actuacións mediante as modificacións pertinentes do Real Decreto 20/2011”.

A decisión do Goberno do Estado de non presentar ata agora Proxecto de Orzamentos do Estado para 2018 non pode abortar a aplicación do Pacto, baseado no aumento orzamentario, polo que de prorrogarse o Orzamento de 2017, deberase realizar a modificación de créditos axeitada.

As competencias municipais “ampliadas” derivan do artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que establece o dereito das mulleres vítimas de violencia de xénero e os menores ao seu cargo á asistencia social integral de proximidade, con servizos organizados polas comunidades autónomas e as corporacións locais, especialmente de prevención e de atención psicolóxica, xurídica e social por profesionais especializadas, con financiamento da Administración Xeral do Estado.

Todo isto, sen prexuízo de que os servizos municipais ou doutras entidades locais (mancomunidades, deputacións, consellos e cabildos insulares) se amplíen conforme ás medidas 62 á 67 de dito Pacto de Estado, para que os servizos de violencia de xénero poidan acreditar en vía administrativa (extraxudicial) a situación de vítima para o acceso a medidas protectoras, ou crear as novas Unidades de Apoio no ámbito local, integradas polo persoal de atención social, sanitaria, xurídica, de seguridade e Xulgados de Violencia sobre a Muller, para mellorar a atención, para manter os servizos establecidos hai trece anos, en cumprimento do artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes ACORDOS

I.- Instar aos Ministerios de Facenda e Función Pública e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, á aplicación sen dilacións das medidas 207 e 61:

I.1.- A modificación de crédito no Programa 232C dos Orzamentos do Estado (Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero, xestionado pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero), dotando con 20 millóns de euros unha nova partida 46 de transferencias ás entidades locais, dispoñible desde xaneiro de 2018, xa que se destina a servizos públicos de carácter permanente, obrigatorios en virtude do artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004.

I.2.- Facer constar nos indicadores de seguimento dos obxectivos orzamentarios o número de profesionais municipais adscritas á atención xurídica, psicolóxica e social, número de mulleres e de menores atendidos, número de horas de atención prestadas e número de medidas de prevención e de protección xestionadas.

I.3.- Que presenten, sen esgotar o prazo de 6 meses que finalizará o 29 de marzo de 2018, a Modificación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), para que a Administración Local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero. Estas cuestións deberán formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos concellos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, evitando as duplicidades entre administracións.

I.4.- Que na próxima Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ou no Real Decreto que prorrogue os orzamentos do ano en curso, se inclúan as disposicións que eliminen a taxa de reposición de efectivos de maneira que se lles permita ás administracións locais e autonómicas contar co persoal abondo que garanta o desenvolvemento correcto de ditas competencias.

II.- Instar á Xunta de Galicia a solicitarlle ao Goberno do Estado a aplicación inmediata das medidas descritas no punto anterior, e que habilite no seu Orzamento, no caso de non seren atendidas estas demandas, as partidas (ou modificacións de crédito) necesarias para adiantarlles aos concellos as cantidades correspondentes para a correcta aplicación do Pacto de Estado.

III.- Instar á FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias) e outras asociacións de municipios no conxunto do Estado a que, ao pactar co Goberno os programas que deberán levarse a cabo, en cumprimento da medida 207.A do Pacto e establecer criterios obxectivos de reparto das transferencias correntes aos municipios, esixa tamén o cumprimento da Disposición Adicional Décimo Terceira da Lei Orgánica 1/2004, propoñendo urxentemente á Conferencia Sectorial de Igualdade o módulo de custo económico dos recursos humanos e materiais necesarios para manter os servizos de atención xurídica, psicolóxica e social establecidos polo artigo 19 de dita Lei, garantindo a equidade interterritorial.

En Vilagarcía de Arousa, a 23 de novembro de 2017

Jesús López Rodríguez EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría para a transferencia dos 20 millóns acordados no pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

#### **ACÓRDASE:**

I.- Instar aos Ministerios de Facenda e Función Pública e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, á aplicación sen dilacións das medidas 207 e 61:

I.1.- A modificación de crédito no Programa 232C dos Orzamentos do Estado (Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero, xestionado pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero), dotando con 20 millóns de euros unha nova partida 46 de transferencias ás entidades locais, dispoñible desde xaneiro de 2018, xa que se destina a servizos públicos de carácter permanente, obrigatorios en virtude do artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004.

I.2.- Facer constar nos indicadores de seguimento dos obxectivos orzamentarios o número de profesionais municipais adscritas á atención xurídica, psicolóxica e social, número de mulleres e de menores atendidos, número de horas de atención prestadas e número de medidas de prevención e de protección xestionadas.

I.3.- Que presenten, sen esgotar o prazo de 6 meses que finalizará o 29 de marzo de 2018, a Modificación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), para que a Administración Local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero. Estas cuestións deberán formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos concellos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, evitando as duplicidades entre administracións.

I.4.- Que na próxima Lei de Orzamentos Xerais do Estado, ou no Real Decreto que prorrogue os orzamentos do ano en curso, se inclúan as disposicións que eliminen a taxa de reposición de efectivos de maneira que se lles permita ás administracións locais e autonómicas contar co persoal abondo que garanta o desenvolvemento correcto de ditas competencias.

II.- Instar á Xunta de Galicia a solicitarlle ao Goberno do Estado a aplicación inmediata das medidas descritas no punto anterior, e que habilite no seu Orzamento, no caso de non seren atendidas estas demandas, as partidas (ou modificacións de crédito) necesarias para adiantarlles aos concellos as cantidades correspondentes para a correcta aplicación do Pacto de Estado.

III.- Instar á FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias) e outras asociacións de municipios no conxunto do Estado a que, ao pactar co Goberno os programas que deberán levarse a cabo, en cumprimento da medida 207.A do Pacto e establecer criterios obxectivos de reparto das transferencias correntes aos municipios, esixa tamén o cumprimento da Disposición Adicional Décimo Terceira da Lei Orgánica 1/2004, propoñendo urxentemente á Conferencia Sectorial de Igualdade o módulo de custo económico dos recursos humanos e materiais necesarios para manter os servizos de atención xurídica, psicolóxica e social establecidos polo artigo 19 de dita Lei, garantindo a equidade interterritorial.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **15. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron



## **16. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

**17.- ROGOS E PREGUNTAS.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.**

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171130&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:45 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.